



PAUTAS PARA PARTICIPAR NO SERVIZO DE RESPIRO

Debido ao problema sanitario que estamos a vivir nestes momentos, o primeiro que queremos poñer de manifesto é que dende o servizo de respiro familiar de FADEMGA Plena inclusión Galicia NON PODEMOS GARANTIZAR que os participantes no mesmo non se vaian a contaxiar co COVID-19, iso sí, imos tentar evitalo por todos os medios e tomaremos as precaucións e medidas de hixiene máis estrictas posible.

Para iso teremos en conta as seguintes pautas:

1. Todo o persoal traballador de Fademga irá provisto de mascarilla e careta se fose preciso. Os guantes os utilizará cando sexa necesario (aseo, comidas...), pero xa sabemos que non evitan contaxios, posto que se tocamos a unha persoa cun guante infectado é igual que se o facemos sen el.
2. Durante a estancia dispoñemos de xel hidroalcohólico e, tanto as persoas traballadoras como as participantes lavaremos as mans dunha forma frecuente.
3. En cada furgoneta irá un máximo de 6 persoas, 2 por fila, procurando evitar o contacto entre elas.
4. Levaremos un desinfectante para utilizar en portas e manillas dun xeito frecuente.
5. As furgonetas se desinfectarán entre estancias.
6. Fademga realizará o transporte, recollida e devolución dos participantes, no seu domicilio ou nun punto de encontro na localidade de residencia para facilitar os desprazamentos e evitar xuntar a máis dunha familia.
7. Todas as habitacións serán dobles, de xeito que se reduzan os contactos entre persoas.
8. Tomaráse a temperatura de forma diaria a todos os participantes. Se algunha persoa tivese fiebre ou outros síntomas, procederemos a informar ás instancias sanitarias e seguiremos as súas instrucións.
9. Durante a realización de actividades evitaremos os sitios concurridos e onde non se poidan manter as distancias de seguridade.

Respecto aos participantes:

1. A familia deberá responsabilizarse de que o participante non ten nin tivo nos últimos 15 días fiebre nin ningún síntoma compatible co COVID.
2. Deberán vir provistos de mascarillas suficientes para toda a estancia. Sabemos que algunhas persoas non as van a utilizar, pero sí aquelas que poidan facelo.
3. Deberán traer suficiente roupa para non ter que repetila ningún día (pode ser unha fonte de contaxio) e debe vir en adecuadas condicións hixiénicas (recén saída da lavadora).
4. Tamén é convinte que volva á lavadora en canto chegue á casa.

Por último, e como recomendación xeral, non deberían participar no servizo persoas de risco ou que convivan con persoas de risco (diabetes, enfermidade cardiovascular, incluída a hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo...).